

João Servando

Rubrica

Foi-s'agora meu amig'e por en
há-mi jurado que polo meu bem
me quis e quer mui melhor doutra rem;
mais eu bem creo que nom est assi,
ante cuid'eu que moira el por mi
e eu por el, em tal hora o vi.

Quando se foi, viu-me triste cuidar,
e logo disse, por me nom pesar,
que por meu bem me soube tant'amar;
mais eu bem creo que nom est assi,
ante cuid'eu que moira el por mi
e eu por el, em tal hora o vi.

Aquel dia que se foi, mi jurou
que por meu bem me sempre tant'amou
e amará, pois migo começou;
mais eu bem creo que nom est assi,
ante cuid'eu que moira el por mi
e eu por el, em tal hora o vi.

Par Sam Servando, sei que será assi,
de morrer eu por el e el por mim.